



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 31 de marzo de 2021 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Lugo. (Expediente IN407A 2020-65AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Peticionario: Tableros Hispanos S.L.U.
- Domicilio Social: Carretera LU-546, km 11. Nadela. Lugo
- Denominación: "CENTRO DE SECCIONAMIENTO TELEMANDADO EN EDIFICIO PREFABRICADO EN TABLEROS HISPANOS PARA CESIÓN A VIESGO DISTRIBUCIÓN"
- Situación: concello de Lugo
- Visado: Si, Colexio oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Lugo con número de visado 10342020 en data 23 de novembro de 2020.
- Características técnicas principais:
 - Liña de media tensión soterrada a 20kV, con orixe na actual arqueta de entronque aéreo-soterrada (empalme realizado por BEGASA Expte. 2020-47-AT). e final nunha cela de liña no Centro de Seccionamento proxectado, cunha lonxitude de 75 metros en condutor tipo RHZ1-400mm.
 - Centro de Seccionamento en edificio Prefabricado de formigón tipo PFU-3 del fabricante Ormazábal no cal se instalan dúas celas de liña, unha de interruptor automático.
 - Liña de media tensión soterrada a 20kV, con orixe nunha cela de liña no Centro de Seccionamento proxectado e final nun paso aéreo a soterrado ubicado nun apoio (Expte: 2020-47-AT), cunha lonxitude de 110 metros en condutor tipo RHZ1-240mm.
- Finalidade da instalación : Mellora do subministro
- Orzamento: 36.490,80 €
- Documentación complementaria:
 - Separata para o Concello de Lugo
 - Separata para BEGASA

Esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan do Decreto 230/2020, de 23 de decembro, polo que se establece la estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve:**

En relación coa instalación de alta tensión, **conceder a autorización administrativa previa e de construción** a ditas instalacións sen prexuízo de terceiros e con independencia das autorizacións que sexan necesarias para a execución da obra por parte doutros órganos da Administración, condicionado ao cumprimento das seguintes condicións:

Primeira: As instalacións deberán axustarse na súa execución ao disposto no citado proxecto de execución, debendo realizarse a Dirección de Obra por técnico competente.

Segunda: O peticionario asegurará o mantemento e vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

Terceira: En todo momento deberán cumprirse as normativas e directrices vixentes que sexan de aplicación, en particular, canto establece a lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico, o Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas da alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, o Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias.

En relación coa **instalación de baixa tensión**, deberase seguir o disposto no artigo 18 do Real Decreto 842/2002 para a súa posta en servizo, así como na súa instrución ITC-BT-04, debendo achegar no seu momento, a documentación esixida con carácter previo á posta en servizo da instalación, para a súa revisión por esta Administración e posterior inscrición da instalación no correspondente rexistro.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 31 de marzo de 2021.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 1032

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE FORMACIÓN, ENSINO E ECONOMÍA DO COÑECEMENTO

Anuncio

CONVOCATORIA ACCIÓN FORMATIVA DA DEPUTACIÓN DE LUGO PARA O ANO 2021

A Área de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento, dentro do Plan Agrupado de Formación Continua para o ano 2021, estando pendente de ditar, pola Directora da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), a Resolución pola que se aproban as bases reguladoras e convócanse as subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia para o ano 2021, propón, a execución da acción formativa:

ACCIÓN FORMATIVA	MODALIDADE	PARTIC.	HORAS
01.01.01.21 RÉXIME XURÍDICO DO SECTOR PÚBLICO NAS ENTIDADES LOCAIS. O SEU SECTOR PÚBLICO. ENCARGOS A MEDIOS PROPIOS. FÓRMULAS COLABORATIVAS	EN LIÑA	35	40

As características e contidos específicos destes cursos detállanse no anexo I e desenvolveranse de acordo coas seguintes:

BASES XERAIS

Primeira.- Solicitudes:

- 1.- Os/As interesados/as que desexen participar neste curso presentarán cuberta, en tódolos epígrafes que corresponda, a instancia segundo o modelo oficial. Todos os campos son de obrigada cumprimentación.
- 2.- A falsidade ou ocultación dos datos esenciais para a selección dos/as aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso solicitado.
- 3.- O prazo de presentación das solicitudes rematará o **6 de maio de 2021 ás 13:00 h.**

Dita documentación dirixirase ó Ilmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo, Sección de Formación, por:

- **Presentación directa:** No Rexistro Xeral da Deputación de Lugo.
- **Correo postal:** Rúa San Marcos, 8 - 27001 Lugo.
- **Correo electrónico:** formacion@deputacionlugo.org
- **E demais lugares** de conformidade co artigo. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Segunda.- Acceso e participación na acción formativa:

- 1.- Poderán participar os/as interesados/as que cumpran os requisitos específicos esixidos no anexo I

2.- Reservarase un 5% do número de prazas para traballadores con discapacidade, en cumprimento co disposto no artigo 11 do Real Decreto 2271/2004, de 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade. Incorpórase como criterio de valoración na participación nos cursos de formación de empregados públicos o estar afectado por unha discapacidade cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33%. A selección efectuarase por separado da quenda xeral, incorporándose a ésta todas as vacantes que queden sen solicitantes.

3.- A Sección de Formación poñerase en contacto cos peticionarios, asemade poderán obter confirmación da súa posible admisión chamando ao teléfono 982 260 065.

4.- A non comparecencia ou abandono dun participante admitido a unha acción formativa terá como consecuencia que, durante un ano non será admitido ás distintas accións formativas convocadas pola Deputación Provincial de Lugo.

TERCEIRA.- CERTIFICACIÓNS

Expedirase **certificado de asistencia** ós alumnos/as que asistan ó curso ou **certificado de asistencia e aproveitamento** ós alumnos/as que asistan e superen as probas pertinentes, as cales, terán carácter voluntario.

É obrigatoria a asistencia a todas as sesións dos cursos presenciais. Unha inasistencia superior ó 15% no cómputo total das horas programadas, imposibilitará a expedición da certificación acreditativa. No caso dos cursos "MODALIDADE EN LIÑA", é obrigatoria a asistencia á sesión presencial, naqueles que así o requiran. Se o alumno non se presentase á sesión presencial, será excluído deste.

En calquera dos supostos só se expedirá unha única Certificación.

CUARTA.- MODIFICACIÓNS

A Deputación Provincial de Lugo, poderá modificar o desenvolvemento e mailos contidos dos cursos co obxecto de adaptalos ás necesidades da Administración e ás contingencias que poidan xurdir.

Lugo, 19 de abril de 2021.- O Presidente: José Tomé Roca. A Secretaria: María Esther Álvarez Martínez.

ANEXO I

CARACTERÍSTICAS E CONTIDOS ESPECÍFICOS

Denominación: 01.01.01.21 RÉXIME XURÍDICO DO SECTOR PÚBLICO NAS ENTIDADES LOCAIS. O SEU SECTOR PÚBLICO. ENCARGOS A MEDIOS PROPIOS. FÓRMULAS COLABORATIVAS. MODALIDADE EN LIÑA

Destinatarios: Persoal técnico e administrativo da administración local da provincia de Lugo

Participantes: 35

Horas: 40

Datas celebración: Do 18 de maio ao 11 de xuño de 2021

OBXECTIVOS:

- Analizar o réxime xurídico das entidades locais. O seu entramado institucional, o seu sector público.
- Estudar o concepto de medio propio e ente instrumental así coma o réxime de encargos.
- Fórmulas colaborativas das prestacións dos servizos públicos.

CONTIDOS:

1. RÉXIME XURÍDICO

2. SECTOR PÚBLICO

- Conceptos e introdución
- Institucional. Formas de prestación dos servizos público.
- Contractual.
- Orzamentario.

3. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO SECTOR PÚBLICO INSTITUCIONAL

4. OS MEDIOS PROPIOS. ENCARGOS. ASPECTOS DE REFORMA ADMINISTRATIVA

- Regulación e evolución
- Aspectos e requisitos.
- Control análogo. Particularidades no eido local.

5. FORMAS COLABORATIVAS NA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS

- Protocolos.
- Convenios.

-
- Problemática.
 - Tramitación administrativa.
 - Prestación conxunta de servizos.
 - Deputacións Provinciais.
 - Fórmulas colaborativas.
 - Colaboración público privada.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
SECCIÓN DE FORMACIÓN

ANEXO II
SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN NAS ACCIÓNS DE FORMACIÓN

1. Título acción formativa						Código A. F.		
2. Datos pessoais								
Nome:	Primeiro Apelido	Segundo Apelido	N.I.F.					
3. Datos profesionais								
Posto traballo:	Grupo/Subgrupo	A1	A2	B	C1	C2	AP	Entidade onde traballa
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Dependencia	Enderezo do posto de traballo			Localidade		Provincia		
Minusvalía física	Si	Non	Teléf. Traballo	Fax traballo	Correo electrónico		Teléf. móbil / particular	
	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>						
Clase de persoal	Funcionario	Funcionario Interino	Persoal Eventual	Laboral Fixo	Laboral Temporal			
	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			
Funcións que desempeña:								
4. A ter en conta.								
Segundo recollen as bases de convocatoria, o prazo de presentación de solicitudes finalizará na data e hora que aparecen nas bases xerais da convocatoria publicadas no BOP. No caso de non cubrirse as prazas, manterase aberto ata completarse. O solicitante deberá cumprimentar todos os campos da solicitude. Aquelas accións formativas que se celebren dentro do horario laboral do solicitante, é obrigatoria a autorización do superior xerárquico. A non comparecencia ou abandono dun participante admitido terá como consecuencia que, durante un ano, non será admitido nas distintas accións formativas.								
5. Declaración								
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que coñezo as bases da convocatoria e que son certos os datos que aporsto á solicitude que abaixo asino.								
6. Informe Entidade Local								
Se o curso ten lugar en horario laboral do solicitante é obrigatoria a sinatura do superior xerárquico, alcalde ou presidente e o selo da Entidade								
<input type="checkbox"/> Favorable		<input type="checkbox"/> Desfavorable		Sinatura e selo (Alcalde, Presidente, Xefe de Servizo...)				

SOLICITO realiza-la acción formativa ou actividade de referencia.

_____ a _____ de _____ de _____
Sinatura

ILMO. SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Sección de Formación. Rúa San Marcos, 8. 27001 Lugo. Telf: 982 260 065 / 982 260 035. Fax 982 260 169. e-mail: formacion@deputacionlugo.org

Conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á Protección das Persoas Físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais; informámoslle que os seus datos se incorporan nun ficheiro automatizado baixo a responsabilidade da DEPUTACIÓN, coa finalidade de poder atender os compromisos verados pola relación que mantemos con vostede. Así mesmo informámoslle que pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade e revocar este consentimento mediante correo electrónico protecciondatos@deputacionlugo.org sede electrónica ou escrito acompañado de copia de documento oficial que lle identifique, á Rúa San Marcos, 8 27001 - Lugo. Temos o seu consentimento para utilizar os seus datos persoais para desenvolver as actividades formativas nas que se inscriba, así mesmo queda constancia da aceptación de todo o exposto anteriormente neste documento e que vostede coñece os seus dereitos e obrigas segundo a normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal.

Lugo, 19 de abril de 2021.- O Presidente, José Tomé Roca. A Secretaria, María Esther Álvarez Martínez.

R. 1069

CONCELLOS

BEGONTE

Anuncio

Corrección de erro no anuncio publicado no BOP nº 84 de xoves, 15 de abril de 2021.

Advertido un erro no referido anuncio como consecuencia do envío dun documento xa publicado anteriormente no BOP nº64 de sábado, 20 de marzo de 2021 co título “APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA OBRAS DE CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN OU DE CONSTRUCCIÓN NOVA DE VIVENDAS (PÁX. 3, R. 0686)”.

Corríxese o erro, publicando o anuncio correcto das BASES CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA AS OBRAS DE CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN OU DE NOVA CONSTRUCCIÓN, ANO 2021.

ANUNCIO

Polo sr. Alcalde desta Corporación Municipal, mediante a Resolución de data 8 de abril de 2021, acordouse a aprobación das bases reguladoras que rexeran a convocatoria de subvencións para obras de conservación e rehabilitación ou de construción nova de vivendas no municipio de Begonte do ano 2021.

Dan cumprimento ao dito acordo, procedese à publicación íntegra das mesmas para xeral coñecemento. As bases están así mesmo expostas no taboleiro de edictos do concello e na páxina web municipal.

BASES QUE HAN DE REXER NA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA AS OBRAS DE CONSERVACIÓN E REHABILITACIÓN OU DE CONSTRUCCIÓN NOVA DE VIVENDAS NO MUNICIPIO DE BEGONTE DO ANO 2021.

Primeira.-Obxecto e Réxime Xurídico.-

É obxecto desta convocatoria a regulación da concesión de subvencións establecidas polo concello de Begonte e destinadas ao fomento de construción de obra nova ou de conservación e rehabilitación de vivenda no termo municipal de Begonte, co obxectivo final da mellora da edificación e contribución á reactivación económica do municipio e fixación da poboación.

Réxime Xurídico: Esta convocatoria rexeráse polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Subvencións e na demais normativa que resulte de aplicación.

A presente convocatoria se efectúa de conformidade co establecido na Ordenanza Municipal reguladora da concesión de subvencións para obras de conservación e rehabilitación ou de construción nova de vivendas, aprobada por acordo do Pleno da Corporación de data 22 de xaneiro de 2021 e publicada definitivamente no BOP de Lugo nº 064, de 20 de marzo de 2021.

Segunda.- Actuacións subvencionables.- Poderán ser obxecto de axuda económica tanto as obras de conservación e rehabilitación de inmobles deshabitados como as obras de nova construción de inmobles destinados a vivendas unifamiliares.

As axudas aplicaranse ás actuacións enumeradas no parágrafo anterior que sexan acordadas coa normativa vixente e valoradas favorablemente polo concello, tras o procedemento instruído para os efectos.

Terceira.- Financiamento das axudas.- As axudas concederanse con cargo á aplicación 152.480 do orzamento municipal aprobado para o actual exercicio económico, cunha contía inicial total de dez mil euros (10.000,00 €), e sen perxuízo no seu caso do seu incremento previa a oportuna modificación presupostaria.

Cuarta.- Beneficiarios.-

a).- Poderán ser beneficiarios da axuda ou subvención as persoas físicas que leven a cabo a construción ou a conservación e rehabilitación dunha vivenda co fin de destinala á súa residencia habitual e que cumpran as condicións esixidas nestas bases e na correspondente ordenanza reguladora. O destino do inmovible obxecto da subvención como vivenda familiar habitual deberá manterse polo menos durante o período de 5 anos.

Esta condición é resolutoria, dando lugar no caso de incumprimento á devolución da subvención, de acordo co establecido no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b).- Os beneficiarios das subvencións deberán cumprir as seguintes condicións:

- Ser maior de idade na data de presentación da solicitude.

- Destinar a vivenda obxecto de rehabilitación/conservación ou de construción a residencia habitual e permanente do solicitante e, no seu caso, da unidade familiar, durante un prazo de al menos 5 anos desde a

finalización das obras, sen que poida ser obxecto de cesión a transmisión inter vivos por ningún título durante un prazo de 10 anos desde a concesión da subvención.

-Ostentar a propiedade/copropiedade ou título habilitante da vivenda/inmable obxecto de rehabilitación e conservación ou construción.

-Non estar incurso en ninguna das prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións previstas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e demais normativa de aplicación.

-Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social.

-Dispoñer da licenza municipal de primeira ocupación do inmable e xustificar documentalmente a alta da vivenda no Catastro correspondente.

Quinta.- Contía das axudas.- Toda actuación subvencionable contará cunha axuda equivalente ao dous por cento (2%) do importe do presuposto de execución material (PEM) que conste no correspondente proxecto técnico ou memoria valorada presentado para a obtención da licenza ou título habilitante, cun máximo de tres mil (3.000,00) euros.

Sexta.- Procedemento do outorgamento.-

I.- Prazo de presentación de solicitudes.-

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e finalizará o 31 de decembro de 2021.

A presente convocatoria publicarase tamén na páxina web do concello e no taboleiro municipal de anuncios.

II.- Lugar de presentación das solicitudes e documentación.-

As solicitudes irán dirixidas aao sr. Alcalde-Presidente do Concello e poderán presentarse no Rexistro Xeral do concello ou por calquera medio dos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas, conforme ao modelo que figura no anexo desta convocatoria.

Xunto coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- a).- Fotocopia do DNI /NIE do solicitante.
- b).- Licenza municipal ou Título habilitante das obras.
- c).- Xustificante de estar ao corrente coas obrigas tributarias e da Seguridade Social.
- d).- A demais documentación esixida na convocatoria das axudas.

Resolución.-

En canto ao réxime do procedemento estarase ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das administracións públicas e Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e disposicións contidas na lexislación da Administración Local.

As solicitudes de axuda resolveranse por orde cronolóxico de solicitude.

Unha vez esgotados os créditos da partida, publicarase na mesma páxina web e taboleiro de anuncios a finalización do prazo de presentación.

Comisión de Valoración.-

Por parte da Alcaldía, e de conformidade co que se establece no artigo 6º da ordenanza reguladoras das axudas, nomearase a Comisión de Valoración que informará as solicitudes presentadas, correspondendo a resolución de outorgamento da subvención á propia Alcaldía.

A dita Comisión de Valoración estará integrada en todo caso polo sr. Alcalde ou concelleiro-delegado, que será o presidente, e polo técnico municipal competente.

As funcións de secretaría da dita Comisión de Valoración serán competencia da Secretaría-Intervención ou persoal en quen delegue. A Comisión de Valoración analizará as solicitudes presentadas e elevará informe vinculante ao órgano competente que adoptará a resolución pertinente.

A comisión axustará o seu funcionamento ao establecido nos órganos colexiados da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Sétima.- Réxime de compatibilidade de subvencións.- As axudas obxecto desta convocatoria serán compatibles coa percepción de calquera outra subvención para o mesmo fin, procedentes doutras administracións públicas.

Oitava.- Percepción da subvención.- A subvención percibirase unha vez finalizadas as obras e se dispoña da licenza municipal de 1ª ocupación, do xustificante da alta do inmable no catastro e o certificado de empadramento e compromiso de permanencia de empadramento na dita vivenda por un mínimo de 5 anos.

Novena.- Reintegro das subvencións.- O beneficiario das axudas virá obrigado a devolver ao concello as cantidades percibidas no caso de incumprimento das obrigas previstas nestas bases, nos termos previstos na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

Décima.- Normativa de aplicación.- No non establecido nesta ordenanza estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009.

Begonte, 8 de abril de 2021.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

ANEXO

PROCEDEMENTO: SUBVENCIÓNS PARA OBRAS DE CONSERVACIÓN E DE REHABILITACIÓN OU DE CONSTRUCCIÓN NOVA DE VIVENDAS	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO: 154/2021	DOCUMENTO: SOLICITUDE
---	--	---------------------------------

1. Datos do solicitante:

Nome	Apelidos	NIF

Enderezo	Provincia	Municipio	Código postal

Datos no seu caso do representante (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito).

Nome	Apelidos	NIF

DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:

Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación no correo electrónico facilitado.

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE (márquese unha opción):

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.

Correo electrónico	Móbil / Tlfno.

Electrónica, a través do Sistema de notificación electrónica notific@ (Só se podera acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada).

Postal (cúbrase o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).

Enderezo	Provincia	Municipio	Código postal

2. Datos das obras a realizar:

Descrición da obra:			
Lugar / Barrio:	Parroquia	Municipio	Código postal

3. DECLARACIÓNS DA PERSOA SOLICITANTE (sinalar o que corresponda).

- Que a vivenda obxecto de rehabilitación/conservación ou de nova construción vai ser destinada a residencia habitual e permanente do solicitante e, no seu caso, da súa unidade familiar durante un prazo de polo menos 5 anos desde a finalización das obras.
- Que o solicitante ten a propiedade/copropiedade ou..... (especificar o título habilitante) do inmovible/terreo obxecto de rehabilitación/conservación ou construción.
- Que **NON** está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións previstas no art. 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

4. Que **SI** se atopa ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal e da Xunta de Galicia e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes e que non ten débedas tributarias vencidas pendentes de pago co Concello de Begonte.

5. Que en relación con outras axudas solicitadas ou concedidas:

Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade para a cal solicita esta subvención.

Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para a mesma finalidade para a cal se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ADMINISTRACIÓN PÚBLICA/ORGANISMO/ENTIDADE	DATA	ESTADO (Solicitada/concedida)	IMPORTE

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña douras administracións pública u doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración, con indicación da súa contía.

4. DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA: (márquese o que proceda).

Fotocopia do DNI/ NIE do solicitante.

Certificado de empadramento e compromiso de permanencia de empadramento na vivenda obxecto de rehabilitación ou vivenda nova por un mínimo de 5 anos.

Xustificación da propiedade ou título habilitante que se ostenta sobre a vivenda/inmóble obxecto de rehabilitación ou construción.

Licenza municipal ou título habilitante para a realización das obras subvencionadas.

Xustificante de dispoñer da Licenza Municipal de 1ª Ocupación e así mesmo da correspondente alta no Catastro da vivenda obxecto de rehabilitación/conservación ou da vivenda nova.

Consentimento e Deber de Informar aos Interesados sobre Protección de Datos (márquese o que proceda).

Fun informado de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas

PRESTA O SEU CONSENTIMENTO para que a entidade realice consultas dos datos do solicitante/representante a través da Plataforma de Intermediación de Datos e outros servizos interoperables

Dereitos do interesado: Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.

Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección

<https://begonte.sedelectronica.es/privacy.2>

En	Municipio	Data (dd/mm/aaaa)	Firma

Begonte, 8 de abril de 2021.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R. 1033

LUGO

Anuncio

Aprobado inicialmente polo excelentísimo Concello Pleno, en sesión extraordinaria celebrada o día 15 de abril de 2021 (acordo número 2/50), expediente de Suplemento de Crédito número 1/2021, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles aos efectos de reclamacións, de conformidade co artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Os interesados lexítimos que segundo o artigo 170 do mencionado Texto Refundido, e conforme as causas que indica o parágrafo 2) do mesmo artigo, poderán presentar reclamacións a partires da data de inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia e durante o período de exposición pública. Se durante o citado período non se presentasen alegacións, o expediente considerárase definitivamente aprobado.

Lugo, 15 de abril de 2021.- A alcaldesa, Lara Méndez López.

R. 1034

MEIRA

Anuncio

En cumprimento do disposto no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, na sesión celebrada o día 15 de abril de 2021, expónse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2020, por un prazo de quince días, a contar dende a publicación no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales e oito máis os que se estimen interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen convintes.

Meira, 15 de abril de 2021.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 1035

Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 14 de abril de 2021, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiros, lixo e canon de auga da Xunta, correspondente o 1º. **bimestre do exercicio 2021**, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 15 de abril de 2021 ao 15 de xuño de 2021.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a éste, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interponerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Meira, 14 de abril de 2021.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 1036

MONDOÑEDO*Anuncio***EXPOSICIÓN O PÚBLICO E RECADACIÓN DE IMPOSTOS**

En Xunta de Goberno Local de 14 de abril de 2021 aprobouse o Padrón da **TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO DO 2º BIMESTRE DO 2021**.

De conformidade co establecido na Lei Xeral Tributaria e nas Ordenanzas Municipais reguladoras, EXPONSE AO PÚBLICO o devandito padrón para que as persoas interesadas, no PRAZO DE QUINCE DIAS contados a partires do anuncio no B.O.P., poidan examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas.

Asemade, faise saber que a taxa obxecto deste anuncio estará ó cobro en PERIODO VOLUNTARIO na oficina de Recadación Municipal, sita na Casa Consistorial, de luns a venres, dende o día 1 de marzo ao 30 de abril do 2021, en días hábiles.

Rematado o prazo en período voluntario os recibos non pagados serán cargados aos Servicios de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo para a súa exacción pola vía de constrinximento cos recargos e demais conceptos esixibles (intereses, costas, etc.) de conformidade co disposto no artg. 97 e seguintes do R.X. de Recadación.

Mondoñedo, 14 de abril de 2021.- O Alcalde, Manuel Ángel Otero Legide.

R.1037

NEGUEIRA DE MUÑIZ*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data do 31.03.2021, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de marzo de 2021 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 300,66 €, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 335,53 €.

Por medio do presente exponse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 14 de abril de 2021.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 1038

SARRIA*Anuncio***APROBACIÓN PROVISIONAL**

O Pleno do Concello de Sarria, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de marzo de 2021, acordou a aprobación provisional da modificación das Ordenanzas fiscais reguladoras do: Imposto sobre Bens Inmóbles, Imposto de Actividades Económicas e o Imposto de Construcións Instalacións e Obras. Expediente administrativo conxunto número 400/2021.

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello dirección <https://sarria.sedelectronica.es>

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron reclamacións, considerarase aprobado definitivamente devandito Acordo.

Sarria, 14 de marzo de 2021.- O alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 1039

SOBER*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 15 de abril de 2021, apróbase o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrência ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de Marzo de 2021.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 15 de abril de 2021.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 1040

XERMADE*Anuncio***Asunto: convocatoria do proceso selectivo para a cobertura da praza de técnico/a de traballo social do Concello de Xermade**

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria que tivo lugar o 14/04/2021, aprobou as bases e a convocatoria do proceso selectivo para a cobertura da praza de técnico/a de traballo social, modificadas por Decreto da Alcaldía núm. 116/2021 de data 15/04/2021, que se transcriben literalmente:

"Bases para a cobertura, por funcionario/a de carreira, mediante concurso-oposición, da praza de técnico/a de traballo social do Concello de Xermade, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2018. Expte. 120/2019.

Primeira. Obxecto.

É obxecto das presentes bases a realización dun proceso selectivo, mediante concurso-oposición, para a cobertura da praza de técnico/a de traballo social, por funcionario/a de carreira.

A praza está encadrada na Escala de Administración Especial, Subescala: Técnica, clasificada no Grupo A, Subgrupo: A2.

As funcións e retribucións do posto (código SSF-01) son as determinadas na Relación de Postos de Traballo do Concello de Xermade (BOP n.º 296 do 26/12/2020).

Segunda. Requisitos dos/as aspirantes.

Para tomar parte nas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes:

- a) Ser español, ou nacional dun Estado membro da Unión Europea.
- b) Ter cumpridos dezaseis (16) anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión do título de diplomatura universitaria ou grao en traballo social.
- d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira. A condición de discapacitado/a e a súa compatibilidade acreditarase pola correspondente certificación. Os aspirantes con minusvalía farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.
- e) Non ter sido separado, mediante un expediente disciplinario, do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. Idéntica situación será esixida aos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea no seu caso.
- f) Estar en posesión de permiso de conducir en vigor (tipo B).

Todos os requisitos anteriores deberanse reunir con referencia ao último día de prazo de presentación de solicitudes.

Terceira. Presentación de instancias.

Publicarase a convocatoria, xuntamente co texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas, no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica deste Concello [<http://concelloxermade.sedelectronica.es>] e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Un extracto da convocatoria publicarase no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado, sendo a data deste último anuncio a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias.

As instancias dirixiranse ao alcalde do Concello e presentaranse no Rexistro Xeral, durante o prazo de vinte (20) días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado. Poderán así mesmo remitirse na forma determinada na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

Xunto coa instancia achegarán a seguinte documentación (copia simple):

- DNI
- Titulación
- Permiso de conducir tipo B
- Celga 4
- Relación dos méritos que aleguen e xustificación documental dos mesmos para a súa valoración
- Xustificante de pagamento da taxa correspondente, por importe de 27,00 euros (Ordenanza reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, BOP n.º 058 do 12/03/2021).

O pagamento da taxa farase efectivo mediante ingreso na seguinte conta bancaria do Concello de Xermade:

ES53 2080 0141 4831 1000 0029

Indicarase o nome e apelidos, DNI e proceso selectivo ao que corresponde o pagamento da taxa.

Cuarta. Admisión de aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de instancias, no prazo máximo dun mes a Alcaldía ditará a Resolución pola que declarará aprobada a listaxe de persoas admitidas e excluídas, con indicación do prazo de emenda que nos termos da Lei 39/2015 se concede aos aspirantes excluídos, e determina así mesmo lugar de comezo dos exercicios e a composición do Tribunal.

A devandita Resolución será publicada no BOP, no Taboleiro de Anuncios do Concello e na sede electrónica municipal (<https://concelloxermade.sedelectronica.es>).

Quinta. Tribunal cualificador.

Estará compostos polos seguintes membros, todos/as eles/as funcionarios/as públicos/as.

Presidente (titular e suplente): Un/ha funcionario/a con habilitación de carácter nacional.

1º vogal (titular e suplente): Un/ha funcionario/a de carreira ou laboral fixo pertencente á administración autonómica, provincial ou local, de titulación igual ou superior á praza obxecto da convocatoria.

2º vogal (titular e suplente): Un/ha funcionario/a de carreira ou laboral fixo pertencente á administración autonómica, provincial ou local, de titulación igual ou superior á praza obxecto da convocatoria.

3º vogal (titular e suplente): Un/ha funcionario/a de carreira ou laboral fixo pertencente á administración autonómica, provincial ou local, de titulación igual ou superior á praza obxecto da convocatoria.

Secretario (con voz e voto): Un/ha funcionario/a con habilitación de carácter nacional.

Os membros do tribunal deberán de absterse cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizasen tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Aos efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións dos tribunais, estes estarán clasificados segundo se indica no RD 462/2002 de 24 de maio.

Sexta. Proceso selectivo.

Establécese como sistema de selección o concurso-oposición, tendo en consideración as funcións do posto, no que se valora a experiencia en postos semellantes e a formación específica do/as candidato/as.

Unha vez comezadas as probas selectivas, os sucesivos exercicios anunciaranse nos locais onde se celebren estas, na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do concello. Os/as aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único.

Comezada a práctica dos exercicios, os tribunais poderán requirir en calquera momento aos concursantes que acrediten a súa identidade.

Para determinar a orde de actuación dos/as aspirantes naqueles exercicios que non poidan celebrarse conxuntamente, iniciarase pola letra que determine o sorteo celebrado para o efecto.

Sétima. Desenvolvemento das probas

7.1. Primeira fase: concurso

A fase de concurso será previa á fase de oposición e non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar a fase de oposición. Valorarase cunha cualificación máxima de 30 puntos.

As persoas aspirantes achegarán xunto coa instancia a relación de méritos que aleguen, acompañando os documentos que os xustifiquen, en copia simple. Non se tomarán en conta nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados dentro do prazo de presentación de instancias.

A) Formación académica (máximo 10 puntos).

a.1.) Formación universitaria de grao superior: 0,20 puntos por cada 100 horas lectivas, ata un máximo de 3,00 puntos.

a.2) Cursos de formación ou perfeccionamento relacionados directamente coas funcións do posto de traballo, impartidos por administracións públicas ou organismos dependentes das mesmas, por universidades ou colexios profesionais, por cada un deles:

- De 20 a 50 horas de duración: 0,05 puntos
- De 51 a 80 horas de duración: 0,10 puntos
- De 81 a 100 horas de duración: 0,15 puntos
- De 101 ou máis horas de duración: 0,20 puntos

A puntuación máxima por cursos de formación será de 6 puntos.

a.3) Coñecemento do galego (puntuación máxima: 1 punto, valorándose unicamente o de maior puntuación):

- Curso de linguaxe administrativa galega, nivel medio: 0,75 puntos
- Curso de linguaxe administrativa galega, nivel superior: 1 punto

A formación acreditarse coa achega dos títulos e/ou diplomas dos cursos, que expresen a súa duración e o seu contido, en copia simple.

B) Experiencia profesional nos últimos dez anos (máximo 20 puntos).

b.1) Polo desempeño profesional como traballador/a social, na administración local: 0,50 puntos por cada mes de servizos, ata un máximo de 20,00 puntos.

b.2) Polo desempeño profesional como traballador/a social, na administración autonómica ou estatal: 0,25 puntos por cada mes de servizos, ata un máximo de 10,00 puntos.

b.3) Polo desempeño profesional como traballador/a social no sector privado e/ou terceiro sector: 0,125 puntos por cada mes de servizos, ata un máximo de 10,00 puntos.

Teráanse en conta unicamente os servizos prestados realizando funcións relacionadas coas da praza que se convoca.

A experiencia acreditarase mediante as correspondentes certificacións das Administracións Públicas nas que se prestaron os servizos ou con contratos de traballo acompañados de informe da vida laboral expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

A cualificación da fase de concurso farase pública polo tribunal na sede electrónica municipal (<https://concelloxermade.sedelectronica.es>) e no Taboleiro de Anuncios do Concello de Xermade.

Os aspirantes dispoñerán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da cualificación da fase de concurso, para facer alegacións.

7.2. Segunda fase: oposición.

1.ª Proba (de carácter eliminatorio):

Consistirá en responder un cuestionario tipo test de cincuenta (50) preguntas, relativas ao bloque de temas denominado TEMAS XERAIS, do Anexo II. Cada resposta errónea ou en branco restará 0,20 puntos. Terá unha duración máxima de sesenta (60) minutos.

A puntuación deste primeiro exercicio será de 1 a 20 puntos, e será necesario acadar un mínimo de 10 puntos para superalo. As persoas que non acaden a puntuación mínima resultarán eliminadas.

2.ª proba (de carácter eliminatorio):

Superada a anterior, consistirá na realización de dous supostos prácticos, relativas ao bloque de temas denominado TEMAS ESPECÍFICOS, do Anexo II durante un prazo máximo de cento vinte (120) minutos.

A valoración será de 0 a 50 puntos, e precisarase obter un mínimo de 25 puntos para aprobar.

3.ª Proba

Coñecemento do idioma galego. A proba consistirá nunha tradución en ambos os dous sentidos. Cualificación de apto/non apto. Terá carácter eliminatorio. Quedará exceptuado/a desta proba quen acredite estar en posesión do CELGA 4.

Ao obxecto desta proba incorporárase o persoal especializado que considerara o tribunal.

Desde a total conclusión dun exercicio ou proba ata o comezo do seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de setenta e dúas horas e máximo de corenta e cinco días naturais.

Oitava. Relación de aprobados.

Unha vez rematada a cualificación dos/as aspirantes, o tribunal publicará no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica municipal e no Taboleiro de Anuncios do concello, no prazo máximo dun mes dende a finalización do proceso selectivo, por orde de puntuación a relación de persoas aprobadas, e elevará a devandita relación á Alcaldía para os efectos de tramitación do pertinente nomeamento como funcionario/a de carreira.

No caso de empate na puntuación total entre dous ou máis aspirantes, resolverase a favor daquela persoa que obtivera a puntuación máis alta na fase de oposición; de persistir o empate, resolverase a favor daquela persoa que obtivera a puntuación máis alta na segunda proba da fase de oposición.

O tribunal só poderá propoñer o nomeamento de un/unha aspirante.

Novena. Presentación de documentos.

O/a aspirante proposto/a achegará dentro do prazo de vinte (20) días hábiles contados a partir da publicación da listaxe de persoas aprobadas no Boletín Oficial da Provincia, os documentos seguintes:

1. Fotocopia compulsada do seu Documento Nacional de Identidade.
2. Copia autenticada ou fotocopia compulsada do título ou, no seu caso, diploma sobre a base do cal se procedeu á admisión, ou ben xustificante de ter cumprido todos os requisitos para a expedición deste. Se estes documentos estivesen expedidos despois da data de terminación do prazo de presentación de instancias, deberá xustificarse a data en que finalizaron os correspondentes estudos.
3. Documentos orixinais ou copia compulsada dos mesmos, para a debida acreditación dos méritos valorados.
4. Certificado acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira. No suposto de persoas discapacitadas, observarase tamén o que establece o apartado d) da base segunda da presente convocatoria.
5. Declaración xurada de non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo do Estado ás Comunidades Autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
6. Fotocopia da cartilla da Seguridade Social (no caso de estar dado de alta).

Décima. Nomeamento e toma de posesión de prazas de funcionario/a.

Se dentro do prazo indicado, o/a aspirante proposto/a non presentase a súa documentación ou non reunise os requisitos esixidos, non poderá ser nomeado/a, e quedará anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades que incorrese por falsidade na instancia solicitando tomar parte no proceso selectivo.

A resolución de nomeamento será adoptada pola Alcaldía a favor do aspirante proposto polo Tribunal, no termo dun mes a contar desde a expiración do prazo dos vinte días hábiles indicados anteriormente.

O nomeamento publicarase no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica deste Concello [<http://concelloxermade.sedelectronica.es>]. Una vez publicado o nomeamento de funcionario, este deberá tomar posesión ou incorporarse no prazo de dun mes a contar dende o seguinte ao que sexa notificado o nomeamento. Transcorrido dito prazo sen tomar posesión do posto, entenderase que renuncia ao mesmo.

Undécima. Réxime xurídico.

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presentaren e tomar os acordos necesarios para a boa orde das probas no non previsto nestas bases.

Así mesmo, rexerán a lexislación básica do estado sobre Función Pública e o R. D. 896/1991, polo que se establecen as regras e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección do funcionariado da Administración local. No non previsto nelas, a regulamentación que para o ingreso na Función Pública establece a Comunidade Autónoma de Galicia e supletoriamente, o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración do Estado.

ANEXO I

CONVOCATORIA DUN PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DO POSTO DE TÉCNICO/A DE TRABALLO SOCIAL (OEP 2018), POR FUNCIONARIO/A DE CARREIRA.

Datos persoais

Primeiro apelido:	Segundo apelido:	Nome:	DNI: Achega copia.
Data de nacemento:	Sexo: <input type="checkbox"/> Muller <input type="checkbox"/> Home	Concello:	Provincia:
Teléfono:	Enderezo:		
Concello:	Provincia:	Nacionalidade:	

O/a abaixo asinante, solicita ser admitido/a no proceso selectivo a que se refire a presente instancia, para o que declara:

- Que posúe todos os requisitos que se esixen para o ingreso na función pública e máis concretamente na base segunda da convocatoria, comprometéndose a achegalos no caso de ser seleccionado/a.
- Que está exento de realizar a proba de galego (só no caso de estar en posesión do CELGA 4 ou ter superado o curso de perfeccionamento en lingua galega ou nivel equivalente).
- Que manifesta coñecer as bases da convocatoria e acéptaaas na súa integridade.
- Que acepta as notificacións a través de mensaxe electrónica, o telefono xa indicado ou o n.º:
- Que achega copia dos méritos alegados para a fase de concurso:

a) Formación (indicar denominación das actividades formativas e n.º de horas):

.....

b) Experiencia profesional (indicar posto de traballo e duración en meses):

...

Xermade, _____

(Sinatura)

ANEXO II**A) TEMAS XERAIS**

1. A Constitución Española de 1978. Principios xerais e estrutura. Dereitos fundamentais e liberdades públicas.
2. O Estatuto de Autonomía de Galicia. As institucións da Comunidade Autónoma. O Parlamento. O Consello da Xunta. O presidente.
3. A Lei: concepto e clases. Disposicións normativas con forza de lei. O Regulamento: concepto. Clasificación dos regulamentos.
4. O acto administrativo: concepto e clases. Elementos do acto. A eficacia dos actos administrativos. Nulidade e anulabilidade.
5. O procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e terminación. Finalización do procedemento: a obriga de resolver. O silencio administrativo.
6. Os recursos administrativos. Conceptos e clases, requisitos xerais. Os recursos ordinarios.
7. O municipio. Elementos. Territorio e poboación. A organización municipal. Funcionamento dos órganos colexiados locais. Competencias municipais.
8. O RDLex. 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto básico do empregado público. Clases de funcionarios. Situacións administrativas. Réxime disciplinario. Dereitos e deberes do funcionariado local. Código de conduta dos empregados públicos. Réxime de incompatibilidades.
9. O Orzamento xeral das Entidades Locais. Elaboración e aprobación. Especial referencia ás Bases de execución do orzamento.
10. Calidade dos datos. Dereito de información na recollida de datos, consentimento do afectado, datos especialmente protexidos, dereito de rectificación e cancelación da Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
11. As subvencións: normativa básica estatal. A Lei 9/2007 e o seu regulamento de desenvolvemento. A ordenanza xeral de outorgamento de subvencións polo Concello de Xermade.
12. Os tributos municipais: especial referencia ás taxas e prezos públicos. As ordenanzas fiscais. A ordenanza fiscal reguladora da taxa polo SAF do Concello de Xermade (BOP n.º 299 do 31/12/2019).

B) TEMAS ESPECÍFICOS

1. A acción social. Concepto e etapas históricas. Políticas actuais do Estado de Benestar.
2. As necesidades sociais. Concepto, tipoloxía e características.
3. Fundamentos, principios e funcións do traballo social.
4. Teorías contemporáneas do traballo social. Modelos da práctica profesional. Correntes profesionais.
5. O método e a metodoloxía en traballo social. Evolución histórica da metodoloxía en traballo social. Formulacións e revisión dos métodos clásicos. Formulacións actuais: a estrutura básica de procedemento. Fases do proceso metodolóxico.
6. A planificación social no traballo social: plan, programa e proxecto.
7. Técnicas en traballo social: de coñecemento, de diagnóstico, de intervención e de avaliación. Instrumentos específicos en traballo social.
8. Ferramentas informáticas propias do/a traballador/a social
9. A entrevista en traballo social. Tipoloxías e técnicas aplicables. A visita domiciliaria en traballo social: encadramento e estrutura.
10. A investigación social. Técnicas e aplicacións no traballo social. O informe da investigación.
- 11.- Deontoloxía e ética profesional. Os códigos de ética no traballo social.
12. O/a traballador/a social como compoñente dun equipo de traballo interdisciplinar: principios básicos, fundamento e funcións. Conceptos básicos: interprofesionalidade, multidisciplinariedade, interdisciplinariedade e transdisciplinariedade.
13. O traballo social individual. Evolución histórica da intervención individual. Natureza, filosofía, valores e principios. Modelos na intervención individual. Diagnóstico. Deseño da intervención. Técnicas fundamentais.
14. O traballo social familiar. A familia concepto e tipos. Os novos tipos de familia. Familia e crise. A familia multiproblema. O enfoque sistémico na intervención con familias: conceptos claves. A estrutura familiar. Os ciclos vitais. Características da entrevista sistémica. O proceso de axuda.

15. O traballo social en rede. Orixe e concepto de rede. Tipoloxía da rede. Características das redes. Funcións da rede social. Obxectivos do traballo en rede. Fases da intervención. O traballo interdisciplinar na intervención social complexa.
16. O traballo social de grupo. Concepto e evolución da intervención grupal en traballo social. Tipos de grupos. Elementos estruturais do grupo. Etapas da vida do grupo. Liderado-comunicación-conflicto e negociación no grupo. As dinámicas de traballo no grupo. Obxectivos e papel da traballadora social dinamizadora do grupo.
17. Traballo social comunitario. Concepto. Modelos de intervención en traballo social comunitario. Fases metodolóxicas: análise da comunidade, diagnóstico participativo, elaboración do proxecto de intervención, negociación e implantación, avaliación continua e final.
18. Marco legal dos servizos sociais: Constitución española, Estatuto de autonomía, normativa reguladora de réxime local.
19. A Lei de servizos sociais de Galicia: estrutura e contido.
20. O sistema galego de servizos sociais. Obxetivos. Principios.
21. Estructura do Sistema dos Servizos Sociais: os servizos sociais comunitarios básicos. Os servizos sociais especializados.
22. A prestación dos Servizos Sociais. Formas de prestación.
23. Mecanismos de control e garantía pública do Sistema Galego de Servizos Sociais.
24. Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia
25. Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
26. O Plan concertado de prestacións básicas de servizos sociais. Concepto, programas básicos e compromisos. Administracións implicadas: cooperación e coordinación.
27. Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia: obxecto e estrutura.
28. A renda de inclusión social de Galicia.
29. As axudas de inclusión social de Galicia.
30. Voluntariado e acción social non gubernamental. Lei 10/2011, do 80 de novembro, acción voluntaria.
31. Pensións non contributivas da seguridade social. Normativa vixente. Obxectivos, tipo e requisitos.
32. As persoas maiores: aspectos sociais do envellecemento. Necesidades sociais. Recursos e servizos.
32. As persoas con diversidade funcional. Necesidades e recursos.
34. Recoñecemento do grao de discapacidade. Equipos de Valoración.
35. A capacidade das persoas dende o punto de vista xurídico. A actuación profesional no caso de detectar indicios dunha situación susceptible de modificación da capacidade de obrar. Entidades tutelares.
36. A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
37. Obxecto, definición e principios fundamentais da lei de promoción de autonomía persoal e atención á dependencia.
38. Configuración do sistema para a autonomía persoal e atención á dependencia. Finalidades do sistema. Niveis de protección.
39. Prestacións e catálogo de servizos de atención do Sistema para a autonomía e atención á dependencia.
40. Graos de dependencia e valoración. Recoñecemento do dereito. Procedementos para o recoñecementos da situación de dependencia e do dereitos ás prestacións do sistema da autonomía a atención a dependencia, o procedemento para a elaboración do PIA e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes en Galicia.
41. O Servizo de axuda no fogar. Marco autonómico. Definición. Obxetivos. Persoas usuarias e profesionais que interveñen. Prestacións e Tarefas. Organización. Competencia dos Concellos.
42. A Ordenanza reguladora do SAF do Concello de Xermade.
43. Ordenanza de Teleasistencia Social no Fogar da Exma. Deputación de Lugo
44. Movimentos migratorios. Concepto e causas das migracións. Tipos e efectos. Integración Social: factor esencial da cohesión social. Marco normativo.

45. Apoio á familia e a convivencia en Galicia. Normativa reguladora. Competencias do municipio. As familias de especial consideración. Competencia dos municipios en materia de protección dos menores.

46. Políticas de Igualdade. Normativa estatal e autonómica para a igual efectiva de mulleres e homes. Marco normativo na protección integral contra a violencia de xénero e para igualdade de mulleres e homes. Equipamentos, programas e recursos.

47. Adicións. Aspectos sociais da persoa adicta. Prevención, tratamento e rehabilitación social. Servizos e recursos.

48. O maltrato ás persoas maiores ou con discapacidade: conceptos chave. Actuacións a levar a cabo.”

Xermade, 15 de abril de 2021.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 1041

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO

Anuncio

DAVID SANTOS RIO, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL Nº 2 DE LUGO,

HAGO SABER: Que en el procedimiento EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 22/2021 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de D. CARLOS GANCEDO CRUZ contra HOSTELIZATE 2016 SL, se ha dictado resolución cuyos antecedentes de hecho y parte dispositiva literalmente dicen:

“ANTECEDENTES DE HECHO.- PRIMERO.- D. CARLOS GANCEDO CRUZ ha presentado demanda de ejecución de la sentencia de fecha 30/12/2020 dictada en los autos de DESPIDO 317/2020 de este Juzgado, aclarada por medio de auto de fecha 14/01/2021, frente a HOSTELIZATE 2016 SL.- **SEGUNDO.-** La referida sentencia ha adquirido firmeza.- **PARTE DISPOSITIVA.- DISPONGO:** Despachar la orden general de ejecución del título indicado a favor de D. CARLOS GANCEDO CRUZ frente a HOSTELIZATE 2016 SL.- Requerir a la empresa ejecutada para que en el plazo de **TRES DÍAS** reponga al trabajador en su puesto de trabajo.- Habiendo solicitado el ejecutante la adopción de medidas previstas en el art 282 LJS, procede requerir a HOSTELIZATE 2016 SL proceda a satisfacer al trabajador los salarios dejados de percibir desde la fecha de despido hasta su readmisión en debida forma, a razón de 38,45 euros diarios, con los incrementos que, sobre dicha cantidad, resulten de aplicación por convenio colectivo o norma estatal. Asimismo, la empresa deberá abonar al trabajador la cantidad de 6.251 euros fijada en sentencia en concepto de indemnización por vulneración de derecho fundamental.- Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.- **MODO DE IMPUGNACIÓN:** Mediante recurso de reposición a interponer en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a su notificación con expresión de la/s infracción/es cometida/s en la resolución, cumplimiento o incumplimiento de presupuestos y requisitos procesales exigidos y/o oposición a la ejecución despachada en los términos previstos en el art. 239.4 de la Ley Reguladora de la Jurisdicción Social, sin que la interposición del recurso tenga efectos suspensivos con respecto a la resolución recurrida.- Así lo acuerda y firma SSª. Doy fe.”

Y para que sirva de **NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA** a **HOSTELIZATE 2016 SL**, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o de decreto que ponga fin al procedimiento o resuelva un incidente, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, catorce de abril de dos mil veintiuno.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 1042

Anuncio

D. DAVID SANTOS RIO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 2 de LUGO, HAGO SABER:

Que en el procedimiento PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000182 /2019 de este Juzgado de lo Social, seguidos a instancia de D. MARCOS ARIAS ABUIN contra la empresa REDETEL DISTRIBUCION TECNOLOGICA SL, FOGASA, sobre SEGURIDAD SOCIAL, se ha dictado la siguiente resolución, cuya parte dispositiva se adjunta:

SENTENCIA 161/2019:

“Que estimando la demanda interpuesta por D. MARCOS ARIAS ABUIN contra el FONDO DE GARANTÍA SALARIAL, debo condeno al demandado a abonar la cantidad de 9.860,81 euros, adeudados por la mercantil liquidada, todo ello incrementado por los intereses legales desde la solicitud.

Notifíquese esta sentencia a las partes, a las que se hará saber que contra ella podrán interponer Recurso de Suplicación para ante la Sala de lo Social del Tribunal Superior de Justicia de Galicia dentro de los cinco días siguientes a su notificación, anunciándolo ante este Juzgado.

Se advierte además a las partes que deberán hacer constar en los escritos de interposición del recurso y de impugnación, en su caso, un domicilio en la sede del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, a efectos de notificaciones, dando cumplimiento a lo dispuesto en el artículo 198 de la Ley Reguladora de la Jurisdicción Social.

Así por esta mi sentencia, de la que se llevará testimonio a los autos, lo pronuncio, mando y firmo.”

Y para que sirva de notificación en legal forma a REDETEL DISTRIBUCION TECNOLOGICA SL, en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, nueve de abril de dos mil veintiuno.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 1043

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/31051

Remedios Aria González, con D.N.I. ****1182**, solicita autorización para efectuar talas dentro de dominio público hidráulico, cuyos datos son los siguientes:

CORRIENTE: Río Cabe

MARGEN / RIBERA: derecha

Nº Y ESPECIE DE LOS ÁRBOLES A TALAR: 15 alisos y 5 chopos

LUGAR: Parcela 298 del polígono 18

PARROQUIA: Eixón (San Xurxo)

TÉRMINO MUNICIPAL: A Pobra de Brollón

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de **UN (1) MES**, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto de acuerdo con las normas de consulta derivadas de la situación sanitaria, pudiendo informarse previamente en el teléfono 982 265260 o en email registro.lugo@chminosil.es

Lugo, 14 de abril de 2021.- **EL JEFE DE SERVICIO**, José Manuel Blanco López.

R. 1044

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA****A/27/30790**

CMVMC Bóveda Begonte solicita la concesión de aprovechamiento de 110 m³ de agua procedente de un arroyo en el lugar de Bóveda, parroquia de Bóveda (Santalla), en el término municipal de Begonte (Lugo) para extinción de incendios.

La derivación de agua se realiza del arroyo Novas hacia una arqueta en la que se colocará una tubería por la que circularán las aguas hasta el depósito de extinción de incendios de 110 m³ de capacidad.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de Begonte, o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2^a planta, donde estará de manifiesto el expediente de acuerdo con las normas de consulta derivadas de la situación sanitaria, pudiendo informarse previamente en el teléfono 982 265260 o en email registro.lugo@chminosil.es.

Lugo, 14 de abril de 2021.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 1045